

O Entroido de Cobres, Concello de Vilaboa do Morrazo

Celébrase nas parroquias do Concello de Vilaboa, Sta. Cristina e San Adrián de Cobres, separadas polo río Maior e que lindan ao sur coa ría de Vigo. Declarada de interese turístico no ano 1999



O tradicional "Antroido Dos Cobres" , segundo escritos da época, remóntase a principios do século XVIII e debe a súa actual vixencia á tradición oral que foi transmitindo o interese e participación na festa de xeración a xeración.

Hoxe en día, este Entroido é un dos máis vistosos e atractivos dos que se desenvolven en Galiza. A súa singularidade procede tanto do mantemento dunha tradición única coma de ser testemuña dun tempo pasado e o colorido da indumentaria empregada.



Durante os días que se celebra o entroido, de sábado a martes, dende as dez da mañá ate o solpor, as "Madamas" e "Galáns" percorren distintos lugares das parroquias de Santa Cristina e San Adrián, acompañados por un grupo de gaiteiros, que ao son da música agasallan cos seus bailes aos presentes alí por onde van. Cos bailes, a música (xotas, muiñeiras, o agarradiño) e a popular Danza dos Cobres –propia da zona- levan a festa de porta en porta a todos os veciños.

En recompensa pola actuación perciben un donativo por facer posíbel esta realidade un ano máis. A xenerosidade do donativo celébrase cunha tirada de fogos, segundo a contía para recoñecemento do esforzo económico dese domicilio e, asemade, pretende predispoñer aos veciños do lugar a colaborar coa organización do Entroido.



Madamas e Galáns anos 60



Madamas e Galáns anos 60



Banda de música anos 60



Entroido polas casas anos 60



Grupo anos 70



Madama anos 60



Foto tomada durante a construción da AP 9

O de Cobres é un entroido que se diferencia por ter unhas características especiais:

- **Antigüidade:** é posíbel que veña dalgunha costume gremial cando nos séculos XV e XVI estaban no máximo esplendor en Galiza.
- **Vestimenta:** tanto polo colorido e resultado estético como polos nomes que se lle da os seus compoñentes.
- **Compromiso:** o sentido da responsabilidade da veciñanza coa celebración ten como efecto directo a súa implicación independentemente de idade, profesión, ideoloxía, etc.
- **Carácter:** o seu estilo lúdico e folclórico dálle un colorido e unha personalidade diferente a todos os entroidos galegos.
- **Natureza:** os diferentes aspectos que engloban esta celebración lévanos a falar dun acto que vai máis aló do entroido ao converterse nunha auténtica festa lúdico-artístico-tradicional.
- **Continuidade:** existe un continuo ao longo do ano cun punto de inflexión durante a celebración do entroido.

Os traxes do Entroido de Cobres

Meses antes do comezo do Entroido os Mordomos van na procura dun grupo de mozos e rapaces, entre 75 e 100 persoas; os tradicionais son as madamas e galáns, que son como mínimo ó parellas, podendo chegar a 20, acompañados logo de aldeáns, e o resto, vestidos de branco ou traxes tradicionais.

Algo singular do Entroido de Cobres é que non se utilizan máscaras nin antefaces. Por tradición a cara vai descuberta permitindo enxalzar outros valores como a beleza das "Madamas" e a gallardía dos "Galáns", sen esquecermos das fermosas mozas de branco e a louzanía e frescura de quen as acompaña, ou as orixinais aldeás que acoden á celebración.

No Entroido, a vestimenta cóidase con delicado esmero ate o último detalle de pulcritude; as cintas, os abelorios, os reloxos son elementos que dan vistosidade e acompañan aos suntuosos sombreiros –verdadeiras xoias artesanais- de extraordinaria policromía e harmonía das múltiples pezas que o compoñen.

As madamas, mozas ataviadas con vistosas saias con encaixes, chambra branca sobre a que locen un peitoril con cadeas e outros adornos metálicos imprimíndolles aires matronís. Cintas e faixas, mailas sobresaías, realzan a súa donairoza figura. A cara, descuberta, baixo un gran sombreiro rechamante e multicolor con multitude de brillantes e pequenos adornos, flores (presente dos espíritos da vexetación), espellos, bonecos pequenos, prolongándose polo lombo, estilizan a lanzal figura da moza, ao redor da base do sombreiro, hai plumas que xunto con outros adornos recobren o armazón de palla, podendo chegar a pesar cada sombreiro 7 Kg. Logo as mellores xoias de ouro sobre o gorro e o peitoril, subliñan a grandeza da insólita roupaxe. Ambos os dous antebrazos ateigados de reloxos, se cadra, para pregoar o feliz inicio da primavera ou do ano biolóxico, vexetal e cósmico.



Temos que dicir que un sombrero de Madama leva facelo máis dun mes dedicándolle un tempo a diario, e non digamos o peitoral unha prenda de exquisita finura que xunto coa blusa e a saia branca ambas as dúas adornadas con cintas de cores e pasamanarías diversas, zapatos negros e medias finas, compoñen a vestimenta da Madama, sendo o do Galán unha vestimenta que resalta a similitude de cores co da Madama pois componse de sombrero de flores con algunhas variantes sobre todo no peso do mesmo, pois é máis lixeiro co das Madamas, leva o Galán camisa branca con adornos de cintas de cores garabata encarnada, pano de seda que cubre a cintura ate os xeonllos, pantalón branco con liña lateral de cor vivo e zapato negro. Os de Branco, a diferenza dos Galáns cobren a cabeza con unha pucha plana, tipo boina, de cor encarnada coas



súas correspondentes cintas adornadas nos homes. Ocorrendo o mesmo nas mulleres, que con menos abelorios e adornos que as Madamas levan a cabeza ao descuberto



Detalle do sombrero dunha Madama



Detalle do sombrero dun Galán



Os de Branco

Personaxes

Arredor da celebración emerxe un mundo representativo de niveis sociais e roles, de xénero e posición económica, que se percebe tanto pola vestimenta como pola posición que ocupan nos pases, bailes e exhibicións:



1. **Madamas:** mulleres de posición social elevada, ocupan un lugar central no desenvolvemento do Entroido, cunha estética dirixida claramente a diferenciarse do resto.
2. **Galáns:** homes que pola súa posición e situación económica ansían a busca de parella entre as Madamas, polo que destacan sobre o resto.
3. **Os de Branco:** poden ser tanto homes ou mulleres que ocupan unha posición intermedia, inferior á das personaxes anteriores.
4. **Aldeáns:** ocupan o último eslabón da cadea e representan o grupo maioritario e a clase máis humilde do pobo, vestidas de diferentes oficios e costumes.
5. **Predicador,** personaxe enigmática que non revela a súa identidade, pero que no seu discurso repasarán os acontecementos da vida social do Concello para mofa de moitos e vergoña duns poucos.
6. **Vellos:** disfrazados coa cara cuberta e armados gardan do galo e perseguen e axustizan aos atrevidos ladróns.

As danzas do Entroido de Cobres

Xunto coa artesanía dos vestidos, o baile destaca como un dos elementos principais deste Entroido.



Danza do Entroido de Cobres, muiñeira, xota e o agarradiño, música de autor descoñecido e considerada de carácter tradicional; non así os bailes, nados no lugar da Cardaña, polo que se mantén a tradición de que o entroido ten que percorrer este lugar o mesmo martes de Entroido como proba de respecto e pleitesía ao lugar e aos descendentes dos ancestros creadores desta tradición.

O sábado, domingo, luns e martes, a "comparsa" percorre todos os camiños das dúas parroquias de Cobres, deténdose diante da vivenda de calquera veciño, as madamas e os

galáns, e acompañantes seguidos do grupo de gaiteiros, bailarán, varias pezas, recibindo a merecida aportación e lanzándose unha ou varias bombas. Do contrario, naquelas casas que non colaboren respóndese co silencio para diferencialas dos veciños máis xenerosos.

Ate o anoitecer a comparsa continúa o seu paseo sen deterse, nin sequera á hora de comer, sendo costume ofrecer petiscos e bebidas aos seus integrantes.



Polas noites, ten lugar un baile, con disfraces incluídos, nun recinto habilitado no lugar de Riomaor, sen a presenza das madamas e os galáns, mais coa dos grupos de gaiteiros.

Ate o martes ao mediodía, o Entroido de Cobres, desenrólase exclusivamente entre os bailes dos integrantes da comparsa, as bombas de agradecemento e as verbenas nocturnas, dado que é nese intre cando a singular comitiva remata o seu percorrido. Tras unha comida abundosa, dado que este é un dos días festivos

máis sinalados no Municipio, dará comezo a chamada "CORRIDA DO GALO".



A corrida do galo



O día estrela é o Martes de Entroido, festividade local. Pola mañá, as "Madamas" e "Galáns" pecharán o seu percorrido para celebrar, pola tardiña, a tradicional Corrida do Galo; a cal comezará no momento en que as "Madamas" e "Galáns" fagan a súa entrada no recinto de festas coas súas músicas e bailes tradicionais. Daquela dará comezo a festa na que participa a mocidade do lugar, competindo e concursando en diferentes modalidades de xogos populares tradicionais, do que sen lugar a dúbidas destaca a "Corrida do Galo".

A Corrida do Galo é o acto principal deste gran día, onde xa antes os membros da comisión percorreron tódolos galiñeiros na procura do mellor galo, poñendo a disposición "dos vellos" quen son os encargados de coidar do galo e tentando que ninguén llo leve. Estes "vellos" da corrida, gardiáns do galo, sen unha roupaxe propia, coa cara cuberta e armados con paus, estacas, fungueiros... baixan co galo coas patas atadas e fan coma se o soterraran nun burato feito no chan, tapándolle

con terra tan só as patas.

Pero é o cerimonial do martes de Entroido pola tarde o que centra o interese. No torreiro hai un palco adornado con mimosas, o público rodea expectante as madamas e os galáns que bailan ao son da música dos gaiteiros. Nun momento dado, os gaiteiros saen a buscar aos Vellos do Entroido que traen o galo. Nunha focha enterran o animal deixándolle a cabeza fóra para bailar ao seu redor.

De súpeto, de entre o público alguén á carreira agarra o galo pola cabeza e fuxe a toda velocidade. Daquela, os Vellos, atentos e armados, perseguen ao atrevido e recuperan a ave protagonista. O ímpeto e a agresividade na resposta dos Vellos varía dependendo de se o ladrón é da propia parroquia -co que son tolerantes- ou se, pola contra, é das parroquias limítrofes -co que exhibe a base de pancadas a súa intransixencia.

Aparece logo en escena o predicador, para lanzar o Sermón do Galo e mordaces críticas en verso contra os vicios dos veciños. Mais o público non ten unha figura pasiva, senón que, como verdadeiro crítico literario, responde activamente abanando o palco ate botar abaixo a aquel que os insultara momentos antes, quedando revogada a licenza concedida a este enmascarado para traspasar límites verbais.

E chegamos ao clímax: ao sacrificio do galo. En 1991, o gobernador civil Parada Mejuto prohibe este rito que xa dende os anos 40 se fora diluíndo ate quedar completamente esvaecido. Tiveron que acudir no noso auxilio as lembranzas dos máis vellos da parroquia para recompoñer o escenario "orixinal" e darlle sentido. O abraio foi maiúsculo ao descubrir que eran as madamas as que "cun sable de madeira" lle quitaban a vida ao galo. Na actualidade emprégase un galo feito de trapo para evitar escenas de violencia animal.

Variantes actuais da Corrida do Galo:

Galo no Río: Unha vara de madeira engraxada, cruzada sobre o río por onde os participantes terán que cruzar a pe sen caerse para coller o galo que está suxeito na punta. Os que non o

conseguen caer ao río sen máis recompensa ca molladura nas frías augas de febreiro. O que o logre leva de premio o galo máis unha cantidade de diñeiro.

Galo na vara: Consiste nunha vara de madeira de aproximadamente cinco metros de alto recuberta de graxa pola que os concursantes teñen que subir para poder facerse co galo que os agarda no máis alto. Quen o consiga levará de premio ademais do galo unha cantidade en metálico.

Entroido Cobres

Responsábel da organización é dende hai 20 anos **Entroido Cobres** a comisión que na súa sede, a Casa da Cultura de Riomaior, realiza todos os preparativos.